

DINAMIZACIÓN DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS**PROXECTO ERASMUS+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436****Alumnado - Ciclo Superior**

Este documento pretende servir como guía resumo para o alumnado do proxecto **ERASMUS+ (2023-KA131-HED)** para este curso académico. Para máis información, contáctese co Dinamizador de Programas Internacionais do IES Monte Neme (Venancio Serrano, Departamento de Administración e Xestión, <erasmusmonteneme@gmail.com>, titoría os xoves de 11:25 a 12:15) ou véxase a web do centro (<<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmonteneme/programas-europeos>>).

- **Que é ERASMUS+?**

ERASMUS+ é o programa da Unión Europea (UE) nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude e o deporte para o período 2021-2027. Segundo se define na súa [Guía](#), o seu obxectivo xeral é "apoiar, a través da aprendizaxe permanente, o desenvolvemento educativo, profesional e persoal das persoas nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude e o deporte, dentro de Europa e fóra do seu territorio, contribuíndo así ao crecemento sostible, ao emprego de calidade e á cohesión social, ademais de impulsar a innovación e a fortalecer a identidade europea e a cidadanía activa".

Entre os seus **obxectivos específicos**, podemos destacar:

- Promover a mobilidade educativa das persoas e os colectivos, así como a cooperación, a calidade, a inclusión e a equidade, a excelencia, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións e as políticas no ámbito da educación e a formación.
- Promover a mobilidade na aprendizaxe non formal e informal e a participación activa entre os xoves, así como a cooperación, a calidade, a inclusión, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións e as políticas na esfera da xuventude.
- Promover a mobilidade educativa do persoal do ámbito deportivo, así como a cooperación, a calidade, a inclusión, a creatividade e a innovación a nivel das organizacións deportivas e as políticas de deporte.

- **Que proxectos están actualmente en vigor?**

A marzo de 2024 está en vigor distintos proxectos Erasmus+ tanto para o alumnado e o profesorado correspondente a estas ensinanzas. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades resultou beneficiaria dun proxecto Erasmus+ KA131-HED. O IES Monte Neme, como membro do Consorcio de mobilidade, ten dereito a participar en ditos convenios.

- **Que normativa regula este proxecto?**

Aparte do correspondente dereito comunitario, nacional e autonómico, débese prestar especial atención á [Resolución do 13 de marzo de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional de centros educativos públicos que forman parte do consorcio de mobilidade do proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436.](#)

- **Que vixencia ten o proxecto?**

A data de finalización das mobilidades desta convocatoria non poderá ser posterior ao **31 de xullo de 2025** (artigo 5 da Resolución).

- **Para quen está dirixido o proxecto?**

Aparte dos requisitos do artigo 2.2 e 2.3 da Resolución, poderán acceder a esta convocatoria as persoas que cumpran algún dos seguintes condicionantes.

- **Alumnado de 2º curso** que estea matriculado en ciclos formativos de **Grao Superior** durante o curso 2023-2024 ou 2024-2025 que estea **en condicións de acceder á** realización da Formación en Centros de Traballo (**FCT**) antes do comezo da mobilidade.
- Ter obtida unha **titulación** de Grao Superior durante os **12 meses anteriores á finalización da mobilidade prevista** (límite, 31 de xullo de 2025).

- **Que obxectivo ten a realización das mobilidades?**

O artigo 3 da Resolución establece que o obxectivo é realizar [mobilidades físicas de longa duración para formación práctica](#) ou [mobilidade combinada para formación práctica](#) (mobilidade

física e compoñente virtual obrigatoria). As organizacións de acollida admisibles son as que se recollen no artigo 4 da Resolución.

- **Teño a posibilidade, como alumno/a, de realizar unha mobilidade logo de rematar o ciclo formativo?**

Si. O artigo 2 da Resolución prevé que o **alumnado que titulara nos 12 meses anteriores** ao fin da mobilidade (límite, 31 de xullo de 2025) ten a posibilidade de facer unha mobilidade.

- **De cantas mobilidades dispón a Consellería e como se reparten?**

O orzamento (artigo 6 da Resolución) distribuiranse segundo as preferencias indicadas polo alumnado seleccionado, entre os centros que forman parte do Consorcio e até esgotar o mesmo.

- **Cal é o tempo máximo de mobilidade?**

O artigo 3 da Resolución dispón os seguintes tempos de realización da mobilidade:

- **Mobilidade física de longa duración para formación práctica:** De 2 a 12 meses.
- **Mobilidade combinada para formación práctica:** De 5 a 30 días para a mobilidade física. A compoñente virtual poderá ter lugar antes ou despois da mobilidade física, coa única limitación da data de finalización do proxecto (31 de xullo de 2025).

- **Canto é o importe da axuda?**

Os importes das axudas por mes **varían segundo o país** no que se realizan as mobilidades e a **distancia co centro educativo**, tal como se reflectirá a continuación. Debemos ter en conta que, tal como se indica no artigo 8 da Resolución, que para calcular o importe total de cada mobilidade, deberá sumarse o importe que corresponda para viaxe por distancia ao país de acollida e o importe de manutención que corresponda por país e modalidade.

- **Viaxe:** Relaciónanse na táboa seguinte os importes ordinarios e en caso de empregar medios de transporte ecolóxicos (autobús, tren, coche compartido, etc.). A axuda é tanto para a ida como para a volta. As distancias calcúlanse, de maneira orientativa, co seguinte simulador (<<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/resources-and-tools/distance-calculator>>).

Unicamente percibirán esta axuda as persoas participantes con menos oportunidades en mobilidades físicas de curta duración e aqueles que realicen mobilidades internacionais a terceiros países non asociados ao programa (coa excepción das rexións 13 e 14). Para o resto de casos, unicamente recibirán unha axuda de 50€ no caso de optar por un desprazamento ecolóxico.

Distancia de viaxe	Estándar (por participante)	Ecolóxica (por participante)
Entre 10 e 99 km	23 €	23 €
Entre 100 e 499 km	180 €	210 €
Entre 500 e 1.999 km	275 €	320 €
Entre 2.000 e 2.999 km	360 €	410 €
Entre 3.000 e 3.999 km	530 €	610 €
Entre 4.000 e 7.999 km	820 €	820 €
8.000 km ou máis	1.500 €	1.500 €

- **Apoio individual ao alumnado.**

Mobilidade física de longa duración		Axuda ordinaria	Estudantes con menos oportunidades
Grupo 1	<u>Países da UE e asociados ao programa</u> (Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega e Suecia).	500 €/mes	750 €/mes
	<u>Terceiros países non asociados ao programa da rexión 14</u> (Illas Feroe, Reino Unido e Suíza).		
Grupo 2	<u>Países da UE e asociados ao programa</u> (Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal).	450 €/mes	700 €/mes
	<u>Terceiros países non asociados ao programa da rexión 13</u> (Andorra, Estado da Cidade do Vaticano, Mónaco e San Marino).		

Grupo 3	<u>Países da UE e asociados ao programa</u> (Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía).	400 €/mes	650 €/mes
----------------	--	-----------	-----------

Poderase incluír entre dous e catro días no caso de viaxe ecolóxica, de acordo coa seguinte táboa:

Mobilidade física de curta duración	Axuda ordinaria	Estudantes con menos oportunidades
Até o día 14	79 €/día	100€ adicionais en total
Do día 15 ao 30	56 €/día	150€ adicionais, non acumulables

Poderase incluír dous días de viaxe de ida e volta (entre dous e catro días no caso de viaxe ecolóxica).

- **Que se considera "estudante con menos oportunidades"?**

Considéranse estudantes con menos oportunidades os/as que se encontren nalgunha das seguintes situacións (artigo 8.4 da Resolución):

- Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudos superiores no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
- Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cen.

- **Cal é a forma e período de pago?**

O artigo 17 da Resolución establece que as axudas faranse efectivas **directamente ao alumnado** beneficiario, en dous pagamentos, **a través da conta bancaria persoal** indicada para tal efecto no certificado de titularidade bancaria aportado.

O **primeiro pagamento** será realizado en concepto de **anticipo**, polo importe do **80% da axuda** concedida, unha vez se envíe o convenio de subvención Erasmus+. Neste sentido, débese **alertar que**, se ben a Resolución establece que, para poder tramitar o pagamento, débese enviar o convenio mínimo con 10 días hábiles antes do inicio da mobilidade, **é probable que se produzan retrasos neste pagamento**. Polo tanto, **é probable que o alumnado deba realizar adiantos pola súa conta dos diferentes gastos que se poden producir na mobilidade**.

En canto ao **segundo pagamento**, unha vez que o/a beneficiario/a **remate a súa mobilidade**, nos 30 días posteriores, o beneficiario terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey), de acordo co establecido no Programa Erasmus+. Ademais, debe enviarse o acordo de aprendizaxe e o seu correspondente certificado de prácticas. O pagamento do **20% restante da axuda** ao beneficiario/a realizarase nos 45 días naturais posteriores ao envío en liña do cuestionario UE. Novamente, é probable que se produzan retrasos neste pagamento, polo que é probable que o alumnado deba realizar adiantos pola súa conta dos diferentes gastos.

No caso de que as datas de realización da mobilidade do alumnado fosen inferiores aos días máximos no complemento ao acordo, o pago do 20% restante ou do primeiro pagamento diminuírase proporcionalmente.

- **Que data límite ten o alumnado para participar no proxecto KA131?**

Ábrense dúas oportunidades para acollerse a este proxecto. As datas límites son:

- **1º oportunidade**: Domingo **14 de abril** de 2024.
- **2º oportunidade**: Domingo **20 de outubro** de 2024.

- **Que documentación teño que aportar?**

O alumnado interesado deberá presentar a seguinte documentación (os modelos están dispoñibles na [páxina web do centro](#)):

- Solicitud de participación (Anexo II).
- Certificado de titularidade bancaria da persoa candidata.
- No caso de viaxe ecolóxico, compromiso de empregar medios de transporte ecolóxicos tanto na ida como na volta (Anexo VI).

- Certificado, de ser o caso, de coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (certificado de nivel B1, B2, C1 e C2).
- Xustificación documental, de ser o caso, de persoa participante con menos oportunidades (Artigo 8.4 da Resolución).
- Declaración de participación en mobilidades previas no Programa Erasmus+.
- Só no caso de opoñerse á consulta (Artigo 21 da Resolución): DNI/NIE da persoa solicitante, DNI/NIE da persoa representante (de ser o caso), expediente académico, certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social, certificado de estar ao día no pagamento á Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

Esta documentación entregárase preferiblemente por **correo electrónico** (<erasmusmonteneme@gmail.com>) coa sinatura electrónica da persoa interesada no Anexo II, Anexo VI e na declaración de mobilidade previa; e coa sinatura electrónica da entidade financeira no caso do certificado de titularidade bancaria e da correspondente entidade certificadora de coñecemento do idioma. De non ser o caso, esta documentación pode ser enviada escaneada por correo electrónico ou **entregada en man ao Dinamizador** de Programas Internacionais ou **depositada na Sala do Profesorado** (Venancio Serrano, armario 15).

- **Como se elixe a empresa para realizar a FCT?**

A empresa onde se realizará a FCT será seleccionada, **en función do país indicado** polo alumnado na solicitude inicial e logo de realizar as xestións oportunas, entre a Dinamización de Programas Internacionais, a coordinación e as persoas titoras das FCT do correspondente ciclo formativo e o alumno/a. Este proceso levarase a cabo unha vez recollida a solicitude.

- **Teño seguro de accidentes á hora de realizar a FCT no estranxeiro?**

No caso da FCT, os seguros da Consellería cobren a **xornada laboral e desprazamentos ida e volta á residencia** (médico, accidentes e civil). Nese caso, o alumnado terá que aboar primeiro os gastos médicos, e logo pedir a factura e o parte médico da primeira asistencia de urxencias do centro sanitario onde fose atendido.

Recoméndase contratar un seguro complementario que cubra os servizos médicos e accidentes durante todo o período de mobilidade, responsabilidade civil e repatriación. No caso de recentes titulados/as, o seguro que habería que contratar sería de cobertura total.

- **Como resolve o centro as solicitudes de participación?**

O artigo 7 da Resolución indica que o centro debe constituír unha **comisión avaliadora** que estará formada polos seguintes membros:

- Presidencia: Persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Vogalías: Coordinador de programas europeos e dous membros do equipo directivo.
- Secretaría: Un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz pero sen voto.

A comisión avaliadora resolverá as peticións realizadas seguindo os **requisitos do artigo 8 da Resolución** publicados na páxina web do centro (e que se facilitan ao final deste documento). O alumnado que presente a súa solicitude terá que **asistir a Dirección o día da reunión da comisión avaliadora para realizar a entrevista persoal** establecida no artigo 8.3. De non asistir, enténdese que se renuncia á solicitude.

O artigo 11 da Resolución establece que o día seguinte da reunión da comisión avaliadora publicarase no taboleiro de anuncios a acta **provisional** de alumnado seleccionado e en reserva, así como as persoas excluídas xunto coa súa causa.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **tres días naturais**, contados a partir do día seguinte da publicación da acta provisional **para a presentación de reclamacións**. Pasado este prazo, a comisión avaliadora volverase a reunir para aprobar e publicar no taboleiro de anuncios a **acta definitiva** de alumnado seleccionado.

As persoas interesadas deben estar pendentes cando se publiquen as correspondentes actas no taboleiro de anuncios.

- **Unha vez seleccionado polo centro educativo, xa teño concedida a mobilidade?**

Non. Unha vez publicada a listaxe definitiva, o centro enviará a documentación requirida (Artigo 12 da Resolución), con data límite de 5 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva. **A mobilidade será definitivamente concedida cando se**

resolva e notifiquen as solicitudes por parte da Consellería de Educación (Artigo 13 da Resolución) no prazo de cinco dende o día seguinte á data de remate do prazo para a presentación de solicitudes.

- **Coa presentación da documentación referenciada anteriormente, é suficiente para realizar a mobilidade?**

Non. Tanto o alumnado como o profesorado deben prestar a debida **colaboración** coa Dinamización de Programas Internacionais para **cumprimentar a documentación que sexa requirida** ao longo do proceso. Neste sentido, a Dinamización de Programas Internacionais comunicarlle aos interesados (preferiblemente, por medios electrónicos) a documentación que estes deban cumprimentar e asinar.

Ademais, recórdase que o **alumnado** debe **estar en condicións de acceder á** realización da Formación en Centros de Trabajo (**FCT**) antes do comezo da mobilidade.

- **Que pasa se, no momento de facer a mobilidade, non cumpro os requisitos ou decido renunciar a ela?**

O artigo 15 da Resolución establece que, no caso de que por motivos xustificados, un/unha beneficiario/a non poida facer a mobilidade, este/a deberá presentar no centro educativo un **escrito de renuncia** (Anexo VII). O centro educativo enviará o referido escrito á Dirección Xeral de Formación Profesional. Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no artigo 33 e seguintes da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

- **Cales son as funcións da Dinamización de Programas Internacionais?**

Entre as funcións da Dinamización de Programas Internacionais está:

- Fomentar os proxectos internacionais de colaboración con outros centros e outras entidades e asociacións dentro e fóra do país.
- Informar á comunidade do centro sobre as posibilidades de realización de prácticas ou estancias no estranxeiro para alumnado ou persoas tituladas de ciclos formativos, procurando socios no estranxeiro ou dentro do país, para desenvolver os programas de intercambios.

- Motivar ao profesorado e ao alumnado para participar en programas internacionais.
- Promover e estudar as propostas de innovación relacionadas con programas internacionais, deseñando o protocolo e as actividades necesarias para levalas a cabo.
- Tramitar todas as solicitudes e a documentación necesaria para a participación do centro nos programas internacionais.
- Asesorar na formalización e na tramitación das solicitudes e da documentación necesaria para a participación do profesorado e do alumnado nos proxectos internacionais.
- Aquelas outras funcións que lle asigne a xefatura do departamento de calidade e innovación, dentro do seu ámbito de actuación.

- **Cales son as funcións da dirección e a vicedirección?**

Entre as funcións da Dirección e a Vicedirección en relación coa cos programas internacionais está:

- Garantir o coñecemento, a información e os servizos de orientación a todas as persoas, tanto a título individual como colectivamente, para facilitar o acceso ás accións formativas e ás accións de mobilidade para intercambios formativos profesionais.
- Fomentar a participación do centro en programas internacionais, así como divulgar e informar sobre as convocatorias oficiais.

- **Quen é o encargado de planificar a forma de transporte ao destino, o aloxamento ou a manutención?**

O encargado de organizar estas cuestións será o **alumnado** (no caso de realizar a mobilidade para FCT), en colaboración coa Dinamización de Programas Internacionais e o equipo docente.

DINAMIZACIÓN DE PROGRAMAS INTERNACIONAIS**PROXECTO ERASMUS+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436****Alumnado - Ciclo Superior**

Artigo 8 da [Resolución do 13 de marzo de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional de centros educativos públicos que forman parte do consorcio de mobilidade do proxecto Erasmus+ 2023-1-ES01-KA131-HED-000147436.](#)

A selección do alumnado realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos).

Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.

Nota media inferior a 6: 1 punto.

Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.

Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.

Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos).

Certificación de nivel B1: 1 punto.

Certificación de nivel B2: 2 puntos.

Certificación de nivel C1: 3 puntos.

Certificación de nivel C2: 4 puntos.

3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos):

A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.

De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.

Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para poder ser seleccionado/a.

4. Persoas participantes con menos oportunidades (2 puntos).

Considéranse estudantes con menos oportunidades os/as que se encontren nalgunha das seguintes situacións (axuda non acumulativa se presentan máis dun perfil):

- Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudos superiores no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
- Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cen.

5. Criterios de desempate.

No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

- 1º) Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.
- 2º) Ás persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.